



O alcalde Alberto Valverde amosará aos veciños un plano presuntamente feito pola administración de Efrén Juanes, onde se contemplan recualificacións de chans, urbanizacións e vieiros rexeitados agora polo PSOE dende a oposición. O devandito documento -segundo o publicado no xornal [Faro de Vigo](#) - estaría datado en abril de 2011, e "*coincide en más del 90% con el actual, que será modificado por las correcciones de la Xunta*". Pola súa banda, o portavoz do PSOE e ex concelleiro de urbanismo Juan González, asegura que o devandito plano "*no fue ni es conocido por el Gobierno anterior ni por el actual grupo Socialista y si se trata de alguna propuesta de trabajo del equipo redactor nunca y en ningún momento fue ni visto ni validado*" polos técnicos municipais.

A todo isto, a empresa redactora Arnaiz-Atinsa presentará este mércores o documento do PXOM coas correccións achegadas polos técnicos da Xunta de Galicia. Inmediatamente despois, comezará unha rolda de xuntanzas parroquia por parroquia do equipo de goberno para amosar e discutir a redacción final do PXOM.